

**Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Laracha para a execución da actuación de "melloras na rede de abastecemento de Laracha. Fase I. Laracha (A Coruña)", susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19**

## 1. Antecedentes

O Concello de Laracha ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

## 2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Laracha que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Melloras na rede de abastecemento de Laracha. Fase I. Laracha (A Coruña)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

## 3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O abastecemento do concello de Laracha presenta importantes déficits, derivados fundamentalmente da falta de presión de auga nalgúns zonas e da falta de capacidade de almacenamento para facer fronte ás demandas de auga en época estival.

Coas actuacións obxecto deste convenio preténdese a construción dun novo bombeo e dun novo depósito de auga potable, que mellore o funcionamento da rede de abastecemento deste concello

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3). O



O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

#### 4. Estimación de custos e financiamento

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a un millón oitocentos cincuenta mil euros (1.850.000,00 €), distribuídos nas seguintes anualidades entre as partes asinantes:

ANUALIDADE	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO DE LARACHA	IMPORTE
2021	50.000,00 €	00,00 €	50.000,00 €
2022	1.430.000,00 €	370.000,00 €	1.800.000,00 €
TOTAL	1.480.000,00 €	370.000,00 €	1.850.000,00 €

Para financiar a súa achega Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán dous tramos diferentes de financiamento:

- gasto non elixible, que suporá aproximadamente un 20% do investimento total. O concello de Laracha financiará exclusivamente este tramo cunha achega máxima de trescentos setenta mil euros (370.000,00 €). En ningún caso, a achega do concello de Laracha será superior ao gasto non elixible. Se o gasto non elixible definitivo resulta superior, Augas de Galicia financiará a diferenza.
- gasto elixible, que suporá aproximadamente un 80% do investimento e que é susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19

O convenio ten carácter plurianual, a súa vixencia se estende ata o 31 de decembro de 2022.

A estrutura das cláusulas do convenio é a seguinte: Primeira.- Obxecto; Segunda.- Obrigas de Augas de Galicia; Terceira.- Obrigas xerais do Concello; Cuarta.- Obrigas en relación á modificación das obras; Quinta.- Réxime de financiamento e obrigas de carácter económico; Sexta.- Titularidade das obras; Sétima.- Relación laboral; Oitava.- Comisión de seguimento; Novena.- Natureza do convenio; Décima.- Vixencia do convenio; Undécima.- Modificación do convenio; Duodécima.- Extinción do convenio; Décimo terceira.- Responsabilidade por incumprimento do dereito da Unión Europea; Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal; Décimo quinta.- Publicidade.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(asinado dixitalmente)

